

Estefanía Manteiga Lamas, secretaria do Concello de Fene (A Coruña)

CERTIFICO: que o Pleno do Concello na súa sesión ordinaria do 07.10.2021, adoptou o seguinte acordo:

“6. Aprobación, se procede, da proposta de aprobación definitiva do estudo de detalle do Camiño do Regueiro.”

Consta no expediente a seguinte Proposta da alcaldía que foi ditaminada favorablemente na sesión ordinaria da Comisión Informativa de Desenvolvemento Territorial de do Medio , do 28.09.2021 por 5 votos a favor (3 do grupo municipal do BNG, 1 do grupo municipal Socialista e 1 voto do grupo Mixto municipal) e 3 abstencións do grupo municipal do Partido Popular, que transcrita di:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

ASUNTO: APROBACIÓN DEFINITIVA ESTUDO DE DETALLE NO CAMIÑO DO REGUEIRO

EXPEDIENTE 2020/LI002/000001

O 23.09.2020 e RXE na sede electrónica núm. 202099900001573 Alfredo Garrote Pazos-presenta proxecto para a aprobación inicial do Estudo detalle para reaxustar aliñacións no Camiño do Regueiro redactado en setembro de 2020 polo arquitecto Alfredo Garrote Pazos.

O 11.11.2020 o enxeñeiro municipal, Lino Ameneiro Seijo, emite informe técnico favorable.

O 25.11.2020 a secretaria municipal, Estefanía Manteiga Lamas, emite informe de secretaría 113/2020.

A Xunta de Goberno Local do 26.11.2020 aproba inicialmente o Estudo de detalle para reaxustar aliñacións no Camiño do Regueiro redactado por Alfredo Garrote Pazos e asinado o 23.09.2020.

Consta no expediente información pública da aprobación inicial do Estudo de detalle mediante anuncio publicado no DOGA o 08.01.2021.

Consta no expediente información pública da aprobación inicial do Estudo de detalle mediante anuncio publicado no xornal La Voz de Galicia o 15.12.2020.

O 02.12.2020 publicouse un anuncio de información pública na sede electrónica da aprobación inicial do Estudo de detalle en Camiño do Regueiro.

Consta no expediente a notificación individualizada aos titulares catastrais afectados.

O 29.12.2020 e RXE núm. 20209000001717 achégase informe sectorial de Augas de Galicia favorable.

O 04.01.2021 e RXE núm. 26 presentan alegacións.

Consta no expediente informe da Dirección xeral de Patrimonio Cultural asinado pola directora xeral do Patrimonio Cultural M^a Carmen Martínez Insúa o 02.02.2021 (RXE núm. 20219000000286 do 02.02.2021).

Consta no expediente informe favorable da Dirección Xeral de Aviación Civil asinado o 16.02.2021 polo subdirector xeral de aeroportos e navegación aérea, Álvaro Fernández-Iruegas Pombo e conformado o 17.02.2021 polo director xeral de aviación civil, Raúl Montero Caballera (RXE 2021900000418 do 18.02.2021)

Consta no expediente informe da Subdelegación do Goberno Area de Fomento asinado o 09.02.2021, no que indica: “Infórmolle que o estudo de detalle non ten incidencia nas propiedades ou zonas de servidume afectadas á Defensa nacional, nin no inventario de Bens e Dereitos do Estado, nin nas propiedades das Entidades Xestoras da Seguridade Social.”

Consta no expediente informe da Dirección Xeral de Planificación e Evaluación da Rede Ferroviaria favorable asinado polo subdirector xeral de planificación ferroviaria, Jorge Ballesteros Sánchez, o 13.01.2021 (RXE núm. 202190000000277 do 01.02.2021).

Consta no expediente informe emitido polo Centro Directivo ADIF, asinado o 11.02.2021 Celina Matias Bertolo (RXE núm. 202190000000439 do 22.02.2021).

O 07.06.2021 e RXE na sede electrónica núm. 202199900002170 achégase documento para a aprobación definitiva do Estudo de detalle para reaxustar aliñacións no Camiño do Regueiro redactado en xuño de 2021 polo arquitecto Alfredo Garrote Pazos e informe de contestación das alegacións presentadas no trámite de información pública.

O 20.07.2021 o enxeñeiro municipal, Lino Ameneiro Seijo, emite informe técnico favorable.

Consta no expediente informe emitido por Esther Julia Caaveiro Arias, auxiliar administrativa de administración xeral adscrita ao Rexistro Xeral, no que indica que: "Que consultado informáticamente os listados das Oficinas dos Rexistros Xerais de entrada de documentos deste Concello, e salvo erro ou omisión involuntaria a tenor do DECRETO 143/2016, do 22 de Setembro polo que se aproba o Regulamento da ley 2/2016, do 10 de Febreiro do solo de Galicia art. 207.4 e en cumprimento do trámite de información pública, figura rexistrada a seguinte entrada :

Rex. 202100000000026 con data 04/01/2021, presentando alegacións a APROBACIÓN INICIAL DO ESTUDIO DE DETALLE DE REAXUSTE DE ALIÑACIÓN DO CAMIÑO DO REGUEIRO en relación co expediente 2020/LI002/000001, a nome de Felicidad Cagiao Monteiro e Manuel Roca Lopez en calidade de interesados. "

O 06.06.2021 o arquitecto redactor do estudo de detalle, Alfredo Garrote Pazos, emite informe de alegacións, que copiado di:

"ANEXO 2: INFORME DE ALEGACIÓNS

Alfredo Garrote Pazos arquitecto redactor do presente estudo de detalle, vista a alegación presentada ao estudo de detalle durante o período de información pública, emite o seguinte INFORME:

1. ALEGACIÓN PRESENTADA.

Segundo a documentación que me foi proporcionada polo concello, presentouse unha única alegación con Nº de rexistro de entrada 2021099900001573 de data 4 de xaneiro do 2021.

2. ESCRITO DE ALEGACIÓNS.

"EXPONEN:

*Que sendo propietarios, en regimen de gananciales de dos parcelas contiguas situadas en Tellerías (Fene), con referencias catastrales Nº 7445403NJ6174N0001GA y Nº 7445454NJ6174N0001JA, recibieron con fecha 15 de diciembre de 2020, mediante correo postal certificado, una notificación del Negociado de Urbanismo del Concello de Fene, con N/Ref.:2020/LI002/000001, relativa al punto 6 del acuerdo de la XGL del 26.11.2020, de **Aprobación inicial do Estudo de Detalle de reaxuste de aliñacións do Camiño do Regueiro.***

Que posteriormente, el día 17 de diciembre de 2020, se desplazó personalmente a la Oficina de Urbanismo del Concello de Fene, donde comprobó que, en el tramo que discurre frente a las citadas parcelas de su propiedad, se pretende variar el trazado del Camiño do Regueiro, aproximando la alineación al margen de dicha vía, por el lado de sus parcelas, al límite del muro de hormigón de ambas, y por tanto, pretendiendo ocupar e invadir la franja de terreno DE SU PROPIEDAD situada por el lado exterior de su muro, con la intención, supuestamente, de no afectar los cierres de las parcelas situadas enfrente, al otro lado del Camiño do Regueiro.

ALEGAN:

Cuando los abajo firmantes, en el año 1994, construyeron el muro de las dos fincas de su propiedad identificadas anteriormente, en la parte expositiva del presente documento, y después de que el Técnico Municipal, y el Concejel Sr. Oreona, les marcasen, en persona e in situ, la línea a respetar para la construcción de su muro, estos propietarios, a mayores, desde dicha alineación indicada dejaron un margen de dieciocho centímetros hasta su cierre, para en el futuro poder colocar piedra por la parte exterior de su muro de hormigón, considerando además la posibilidad de colocar una franja de piedras más gruesas en la parte inferior, formando un pequeño zócalo. Esta obra de colocación de piedra todavía no ha sido llevada a cabo, pero tienen en proyecto realizarla en un futuro, debiendo ocupar esa franja de terreno, que es de su propiedad, a la que no renuncian, y que en su día dejaron libre para tal fin.

Que la franja de terreno de 18 cm., situada a lo largo y por el exterior del muro de hormigón de sus dos fincas identificadas en la parte expositiva, es de su propiedad, por la que abonan puntualmente los correspondientes impuestos todos los años, incluso por encima de su valor real actual (depreciado respecto a años anteriores), y no tienen por qué cederla gratuitamente a nadie.

El reajuste de las alineaciones del Camiño do Regueiro, en el caso de ser aprobado definitivamente, supondría un abuso, una injusticia, y un perjuicio inexplicable contra quienes

han cumprido en todo momento con la normativa urbanística municipal (en este caso, los abajo firmantes), así como un atropello y usurpación gratuita de la propiedad privada, al PERJUDICAR y LIMITAR a unos para BENEFICIAR a otros. Si algunos propietarios construyeron sus cierres, en su día, sin respetar la distancia suficiente, determinada y establecida por el Plan General de Urbanismo del Concello de Fene, será su problema y responsabilidad, y deberán asumir las posibles consecuencias que de ello se deriven, sin que los actos de los que han incumplido supongan el que haya que perjudicar a los que sí lo han hecho.

POR LO QUE SOLICITAN:

Que sea corregido y modificado el reajuste de alineaciones del Camiño do Regueiro, según Estudio de Detalle expediente 2020/LI002/000001, redactado por D. Alfredo Garrote Pazos y firmado el 23.09.2020, con nº de registro de entrada 202099900001573, teniendo en consideración todo lo expuesto y alegado en este documento por los solicitantes, para que se respeten los límites de toda su propiedad (incluida la franja de terreno exterior a su muro, de dieciocho centímetros de ancho), al considerar el reajuste aprobado inicialmente un acto lesivo a sus derechos y propiedades, con el que manifiestan su total desacuerdo.”

3. INFORME.

Segundo o disposto no artigo 79.1. da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia (LSG), en desenvolvemento dos plans xerais, poderanse redactar estudos de detalle cuxa finalidade sexa reaxustar ou completar as aliñacións e rasantes. De acordo co disposto no artigo 192.1.a.2) do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, que aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia (RLSG) os estudos de detalle cuxa finalidade sexa reaxustar ou completar as aliñacións e rasantes poderán comprender o seguinte contido:


a.2) A adaptación ou reaxuste á realidade do terreo ou do viario, das aliñacións e rasantes xa fixadas polo plan. Esta determinación de ningún xeito poderá supor unha alteración do dito plan, nin permitir a redución da anchura do espazo destinado a viarios ou das superficies destinadas a espazos libres, nin orixinar aumento de volume ao aplicar as normas u ordenanzas ao resultado da adaptación ou reaxuste realizado.

Polo tanto o obxectivo e contido do estudo de detalle que se establecen no apartado 3 da memoria coincide co disposto na LSG e o RLSG.

En base ao obxectivo e contido indicado nos parágrafos precedentes, tal e como se indica no apartado 9 da memoria, o estudo de detalle reaxusta as aliñacións á realidade do terreo ou do viario utilizando criterios distintos segundo existan elementos construtivos (vivendas ou cerramentos) en ambas marxes da vía ou soamente nunha delas. No primeiro caso, como é lóxico, as aliñacións reaxústanse aos elementos construtivos mantendo a anchura existente do vial (E), no segundo a aliñación axústase ao elemento construído existente establecendo unha distancia de 11 metros á marxe contraria que é a lonxitude entre aliñacións que se establece con carácter xeral no PXOM para a vía obxecto do ED.

As parcelas do alegante están no primeiro caso, xa que, tal e como se aprecia nas imaxes que se achegan a continuación en ambos marxes existen cerramentos de parcelas e por conseguinte as aliñacións reaxústanse a ditos elementos. Polo tanto entendo que se deben manter tal e como se formulan no documento aprobado inicialmente.

G-0
096
150
P-
F:
G.C



Imaxe parcial extraída do plano O01.2 do estudo de detalle



Vista extraída do Google Maps correspondente á zona obxecto das alegacións

G-0
360
150
P-
F:
C.I.

En canto á obtención da franxa de terreo situada pola parte exterior do muro que os alegantes manifestan que é da súa propiedade compre sinalar que segundo se establece no artigo 20.a) da LSG os propietarios dos terreos situados en solo urbano consolidado como é no presente caso "cederán gratuitamente ao concello os terreos destinados a vias fóra das aliñacións establecidas no planeamento cando pretendan parcelar, edificar ou rehabilitar integralmente".

Non en tanto, si o concello pretende obter estes terreos que están destinados a sistema local viario en solo urbano consolidado de forma previa á súa parcelación, edificación ou rehabilitación integral ou cando estas accións xa se levaran a cabo, esta obtención producirase mediante algún dos sistemas que se establecen no artigo 129.1. da LSG que son os de expropiación forzosa, convenio entre a Administración e o propietario ou por permuta forzosa con terreos do patrimonio público municipal do solo, é dicir, que non se pode falar de *usurpación gratuita da propiedade privada* xa que a obtención dos terreos de titularidade privada está prevista na lexislación urbanística de acordo coas regras indicadas anteriormente, en todo caso, esta titularidade deberase acreditar de xeito inequívoco.

En base ao anterior **proponse a desestimación das alegacións** posto que, en base aos argumentos expostos, o obxectivo, finalidade e contido do presente ED axústase ao disposto na LSG e no RLSG e este instrumento, que non esquezamos é unicamente de ordenación, non establece determinacións que impliquen a ocupación gratuita ou usurpación de terreos. A obtención dos terreos

que resulte necesaria no seu momento será obxecto doutro expediente e producirase de acordo co disposto nos artigos 20.a) e 129.1. da LSG segundo corresponda en cada caso.

Asdo. O Arquitecto
Alfredo Garrote Pazos”

O 21.09.2021 a secretaria municipal, Estefanía Manteiga Lamas, emite informe 108/2021 favorable, que di:

“(…)

Á vista do que antecede, INFORMO:

PRIMEIRO.- Reitérase os fundamentos xurídicos do informe 113/2020.

SEGUNDO.- O procedemento logo da súa aprobación inicial, foi realizado conforme á tramitación citada no informe 113/2020, resultando todos os informes sectoriais favorables ou sen incidencias e contando informe técnico favorable do ECCP municipal, así como informe fundamentado polo arquitecto redactor do estudo de detalle sobre as alegacións presentadas propoñendo a súa desestimación.

TERCEIRO.- O órgano competente para a aprobación definitiva do estudo de detalle é o Pleno en base ao establecido no artigo 22.2c) LBRL por maioría simple (art. 47.1 LBRL).

En base ao que antecede, infórmase favorablemente a aprobación definitiva do Estudo de detalle do Camiño do Regueiro e emítese a seguinte Proposta de resolución:

PRIMEIRO.- Desbotar as alegacións presentadas por fronte á aprobación inicial do Estudo de detalle do Camiño do Regueiro en base as fundamentos do informe emitido polo redactor do Estudo de detalle Alfredo Garrote Pazos de data 06.06.2021.

SEGUNDO.- Aprobar definitivamente o Estudo de detalle do Camiño do Regueiro conforme ao documento de aprobación definitiva asinado polo arquitecto Alfredo Garrote Pazos o 06.06.2021.

TERCEIRO.- Remitir este acordo á Subdelegación do Goberno e á Dirección Xeral de Administración Local aos efectos do previsto no artigo 65 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases de réxime local no prazo de 6 días.

CUARTO.- Publicar este acordo no DOGA conforme ao previsto no artigo 82 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

QUINTO.- Solicitar a inscrición do Rexistro de Ordenación Territorial e Planeamento Urbanístico (ROTPU) de Galicia no prazo dun mes conforme ao estipulado no artigo 212.2 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

SEXTO.- Inscrito o Estudo de Detalle no ROTPU, conforme ao artigo 215 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, publicar a normativa no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

SÉTIMO.- A eficacia deste acordo e a entrada en vigor do Estudo de Detalle do Camiño do Regueiro, conforme ao estipulado no artigo 82.4 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, quedan condicionadas á súa publicidade conforme ao artigo 82 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases de réxime local, á inscrición do Estudo de detalle no ROTPU conforme ao artigo 88 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e ao transcurso do prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases de réxime local.

Fene, 21 de setembro de 2021
Asinado dixitalmente pola secretaria Estefanía Manteiga Lamas.”

Á vista do que antecede, propónse ao Pleno a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Desbotar as alegacións presentadas por [redacted] fronte á aprobación inicial do Estudo de detalle do Camiño do Regueiro en base ao fundamentado no informe emitido polo redactor do Estudo de detalle Alfredo Garrote Pazos de data 06.06.2021.

SEGUNDO.- Aprobar definitivamente o Estudo de detalle do Camiño do Regueiro conforme ao documento de aprobación definitiva asinado polo arquitecto Alfredo Garrote Pazos o 06.06.2021.

TERCEIRO.- Remitir este acordo á Subdelegación do Goberno e á Dirección Xeral de Administración Local aos efectos do previsto no artigo 65 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases de réxime local no prazo de 6 días.

CUARTO.- Publicar este acordo no DOGA conforme ao previsto no artigo 82 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

QUINTO.- Solicitar a inscrición do Rexistro de Ordenación Territorial e Planeamento Urbanístico (ROTPU) de Galicia no prazo dun mes conforme ao estipulado no artigo 212.2 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

SEXTO.- Inscrito o Estudo de Detalle no ROTPU, conforme ao artigo 215 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, publicar a normativa no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

SÉTIMO.- A eficacia deste acordo e a entrada en vigor do Estudo de Detalle do Camiño do Regueiro, conforme ao estipulado no artigo 82.4 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, quedan condicionadas á súa publicidade conforme ao artigo 82 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases de réxime local, á inscrición do Estudo de detalle no ROTPU conforme ao artigo 88 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e ao transcurso do prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases de réxime local.

Asinado dixitalmente polo alcalde Juventino José Trigo Rey.

En Fene, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo alcalde Juventino José Trigo Rey. ”.

Sometido o asunto a votación, foi aprobado por maioría absoluta de 11 votos a favor (6 do grupo do BNG, 4 do grupo socialista e 1 do grupo mixto) e 6 abstencións do grupo do PP.

Á vista do resultado da votación, o Pleno acorda aprobar o seguinte:

PRIMEIRO.- Desbotar as alegacións presentadas por [redacted] fronte á aprobación inicial do Estudo de detalle do Camiño do Regueiro en base ao fundamentado no informe emitido polo redactor do Estudo de detalle Alfredo Garrote Pazos de data 06.06.2021.

SEGUNDO.- Aprobar definitivamente o Estudo de detalle do Camiño do Regueiro conforme ao documento de aprobación definitiva asinado polo arquitecto Alfredo Garrote Pazos o 06.06.2021.

TERCEIRO.- Remitir este acordo á Subdelegación do Goberno e á Dirección Xeral de Administración Local aos efectos do previsto no artigo 65 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases de réxime local no prazo de 6 días.

CUARTO.- Publicar este acordo no DOGA conforme ao previsto no artigo 82 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

QUINTO.- Solicitar a inscrición do Rexistro de Ordenación Territorial e Planeamento Urbanístico (ROTPU) de Galicia no prazo dun mes conforme ao estipulado no artigo 212.2 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

SEXTO.- Inscrito o Estudo de Detalle no ROTPU, conforme ao artigo 215 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, publicar a normativa no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.



SÉTIMO.- A eficacia deste acordo e a entrada en vigor do Estudo de Detalle do Camiño do Regueiro, conforme ao estipulado no artigo 82.4 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, quedan condicionadas á súa publicidade conforme ao artigo 82 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases de réxime local, á inscrición do Estudo de detalle no ROTPU conforme ao artigo 88 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e ao transcurso do prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases de réxime local.”

E para que conste e produza os efectos oportunos no expediente da súa razón, coa prevención que sinala o artigo 206 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, expido a presente certificación de orde e co visto e prace do alcalde.

En Fene, asinado dixitalmente na data que figura na marxe pola secretaria Estefanía Manteiga Lamas e o alcalde Juventino José Trigo Rey.

0-G
096
150
P-
F:
C.I.